



A Ponte: solar onde estivo a casa de Eladio Rodríguez.

Os primeiros anos pasounos como outro calquera rapaz ribeirao de humilde familia, pero sendo aínda neno, a petición dun tío materno que estaba establecido na Coruña, trasládase a esa cidade, asistindo a unha escola situada no Campo da Estrada. Descóñese o motivo, pero o caso é que ó chegar á adolescencia decide volver para San Clodio, onde o achamos ós dezaoto anos dando clases particulares a varios rapaces da zona, entre os que estaba un natural da mesma parroquia chamado Samuel Eiján Lorenzo (que nacera e vivía nun pazo que queda por detrás do mosteiro, mesmo na orella do río de Riobóo), que chegaría a disfrutar de diferentes cargos na orde franciscana, sendo tamén o autor da primeira gran historia do Ribeiro e, en particular, da súa capital: *Historia de Ribadavia y sus alrededores* (Madrid, 1920):

El Padre Samuel Eiján es una evocación viva de mis lejanos años juveniles. Nacidos ambos en la parroquia de San Clodio, en el corazón del admirable e incomparable Ribero de Avia; bautizados -con la anticipación de unos doce años por mi parte- en la misma pila de aquella iglesia conventual, que tiene para cuantos en ella hemos rezado de niños no sé qué irresistible encanto, y no acierto a decir qué divina y misteriosa atracción; alumnos de la propia modesta escuela de primeras letras que se hallaba establecida en una de las dependencias del vetusto y entonces casi deshabitado convento de nuestro pueblo, y en la cual tuve la osadía -job atrevida e inconsciente inexperiencia de los dieciocho años!- de ejercer de maestro sin título y sin mérito alguno para ello...

Y así, a través de las distancias geográficas -porque entre el Padre Samuel y yo no han existido jamás distancias espirituales -pude ver cómo el aprovechado e inteligentísimo discípulo del inexperto joven erigido en maestro por casualidades de la vida, estudiaba fácilmente el Raimundo de Miguel en la clase de latinidad del convento de San Clodio, entonces como ahora al celoso cuidado de los frailes benedictinos, allí donde años antes el pretendido educador de la infancia no había podido pasar del Musa musae...²

Destas palabras deducimos que Eladio Rodríguez debeu asistir durante algún tempo a unha pasantía que fundaran tres cregos no entón abandonado mosteiro o ano 1885, pero de facelo tivo que ser por pouco tempo, pois no mes de setembro de 1887 xa residía na Coruña, levando esta data o poema "Na cibdá". Axiña entra a traballar na redacción do xornal herculino *La Mañana* -do que anos despois chegaría a ser director-, pero como a remuneración non debía ser moi grande, empeza tamén como escribente no concello coruñés, do que pasaría a ser funcionario o 20 de agosto de 1888.

Intégrase de cheo na vida cultural e social coruñesa, dedicándose ó xornalismo, á poesía e á lexico-

2. EIJÁN LORENZO, Samuel: *Franciscanismo en Galicia*, Santiago, Tip. de "El Eco Franciscano", 1930, pp. VII-VIII.



*San Clodio do
Ribeiro: ábside
da igrexa
monástica.*



grafía, a formar un diccionario que superase en rigurosidade e número de entradas ós poucos que ata entón foran publicados. Traballa na redacción e logo é director de *El Noroeste*, ó tempo que participa activamente no faladoiro da “Cova céltica”, ó que asistían, entre outros, Manuel Murguía, Manuel Mar-

Dende entón (1905), Eladio Rodríguez González permanecerá vinculado a esta institución deica o remate da súa vida, sendo nomeado secretario en 1920, e desempeñando a presidencia entre 1926 e 1934, en que renuncia por motivos de saúde, sendo o seu cuarto presidente, logo despois de Murguía, Martínez Salazar

EL NOROESTE

EN SEGUNDA PLANA:
INTERESANTES NOTICIAS

Año XXX.—Número 12.508.—Episodio: 10 cts.

DIARIO DE LA CORUÑA

Domingo, 27 de Julio de 1924

tíniz Salazar, Salvador Golpe Varela, Eduardo Pondal, Galo Salinas e Florencio Vaamonde Lores. Forma parte como vocal da primeira dirección da “Liga Gallega” coruñesa, que tiña por principal e único obxectivo a *defensa dos intereses materiais, morais, políticos, económicos e sociais de Galicia*, así como da comisión da constitución da Real Academia Galega, sendo un dos corenta académicos numerarios fundadores.

e Ponte Blanco. El foi o encargado de contestar ós discursos de ingreso de Ramón Cabanillas e Fernando Martínez Morás, en 1920 e 1926, respectivamente³. O 17 de setembro de 1918 empeza a saí-lo suplemento *Nós. Páxinas Gallegas do diario da Cruña El Noroeste*. Esta pequena publicación, creada e dirixida por el, durou pouco tempo -quizais ata non máis de marzo de 1919-, pero a súa importancia para a nosa cultura é extraordinaria, pois vén se-lo

3. *A saudade nos poetas gallegos. Discurso lido por Ramón Cabanillas o día 31 de agosto do ano 1920, en que se celebrou no balneario de Mondariz o seu recibimento na Real Academia Gallega e contestación de Eladio Rodríguez González, Segretario da Academia*, Tip. El Noroeste, A Coruña, 1920; e *La toponimia de Galicia, discurso leído en el acto de su recepción por D. Fernando Martínez Morás; y contestación de Eladio Rodríguez González, el 30 de noviembre de 1926*, Real Academia Gallega, A Habana, 1962.



O TÍO MARCOS D' A PORTELA

Os mandamentos d'o Marcos
fora d' utrexia, son seis:
facer á todos xusticia,
non casarse con ninguén,
falar o gallego enxebre,
cumprir c'o que manda a ley,
loitar pol-o noso adianto
con entusiasmo e con fé,
vestir calzós e monteira
peromnia sécula amen.



Tañen os pobos a gala
no seu linguaxe falar:
fálase chinu a a China,
portugués en Portugal,
catalán en Cataluña,
e a a Alemania, alemán:
só'o os gallegos d' agora
han-tia vergonza lles dá
falar a melosa e doce
fala que falan seus país.

PARRAFEOS C' O POBO GALLEGO

Ano outavo

Ourense 7 de Febreiro de 1886

Parrafeo cento eatoce

II. A obra

MOITOS POEMAS E TRES LIBROS

A primeira obra súa de que temos novas é “Os gallegos fora dos lares”, longo poema que saíu o sete de febreiro de 1886 na publicación ourensá *O tío Marcos da Portela*, que dirixía Valentín Lamas Carvajal. O tema, como se deduce do título, é a emigración e os traumas que provoca nos que se van e nos que se quedan:

[...]

*¡Ai, cantos homes esfamentados
neses países desconecidos!
¡Ai, cantas veces lembran con ansia
o nome tenro dos mesmos fillos
que sentadiños ó pé do lume
podia que estean en porranchiños*

*sin comer nada de cousa quente,
sin tan xiquera vica de millo!
¡Ai, cantas bágoas choran os probes
ó virlle ás mentes dos coitadiños
as moitas penas que na súa terra
sofren os nenos quizais seus fillos!
¡Cántos gallegos hai no estranxeiro
que xa reloncan de haber nacido!
¡Cántos maldicen con voz doente
o día lóbrego en que saliron
da recordabre terra gallega
pra pisar crimas deles indinos!
[...]*

Ó mesmo tempo que dá a coñecer este poema (ó que lle seguirá poucos días despois “A trullada”), participa en certames, nos que acadará varios galardóns: en 1886, un accésit no de Pontevedra por “A noite de San Xoán”, e a pruma de prata no de Betanzos pola longa composición poética “O puzo do Lago”. Pero mellor foi o ano seguinte en que no dá



O Lago
(Maside).

cidade brigantina é galardoado co premio de honra (“Os orfos da emigración”), o primeiro accésit (“¡Arrenégote moda!”), o caravel de prata (“O puzo do Barco”) e a lira de prata (“As festas da miña terra”). De todos eles, o máis interesante para nós é “O puzo do Lago” no que narra a lenda desta fermosa lagoa de Maside, moi coñecida por tódolos ribeiros.

Participa nos Xogos Florais de Tui de 1891, nos que se lle concede o premio de honra –“rosa natural”– polo poema “¡Desperta!...”, que leu no acto Alfredo Brañas:

*Céltica ispiración, musa que dormes
o sono da inominia, acurrunchada
no mesmo leito onde hoxe se espriguizan
as nosas máis risoñas esperanzas;
ti que os servos da greba viche un tempo
faltos de lar, coma quen di sin pátreas,
levando a crus da escravitude ás costas
por embrema fatal da súa disgracia;
ti que inda tes, despois de tantos sigros,
esquecidas as tombas veneradas
dos que foron na cume do Medulio
nobres campeós da Independencia santa,
¡desperta dunha ves, céltica musa,
que é tempo xa que despertando vaias! [...]*

Por estes anos atopamos poemas seus e mesmo tamén algún artigo (inéditos ou xa publicados antes) en *El Eco de Galicia* da Habana, *A Monteira* de Lugo, *Revista Gallega* da Coruña (por exemplo, no mes de outubro de 1899 saíu “A orillas del Avia”), *Follas Novas* da Habana (onde tamén se reproduce o artigo anterior, o 12 de novembro), etc.

Ó longo da súa vida non publicou máis que tres libros: *Folerpas*, en 1894, *Raza e Terra*, en 1922, e *Oraciós campesiñas*, en 1927, nos que recolle a máis da produción poética, que fora dando antes a coñecer paseniñamente case toda ela en diferentes xornais e revistas.

Folerpas é un poemario de 34 obras, algúns moi extensos, como “Orfos da emigración”, entre os que hai varios galardoados cando aínda residía en San Clodio, “A noite de San Xoán” e “O puzo do Lago”. Ábrese con “Caíndo... caíndo”:

*Tamén teñen as nevadas
nas aldeas atrautivos:
tamén teñen seus encantos:
tamén teñen seus feitizos.
Algo triste i algo alegre*



*se exprimenta a un tempo mismo
cando, mainas, as folerpas
van caíndo... van caíndo... [...]*

Séguenlle: “Os orfos da emigración”, “O castro de Avión”, “No Muíño”, “¡Socorro!”, “Charamuscas”, “A muller”, “¡Arrenégote moda!”, ..., ata rematar con “¡Resurrexit?”:


*Nos probes cortellos dos nosos ilotas
fai falla que enérxeca a voz dos patriotas
anuncie a gallega rexeneración;
fai falla que cese tanta iniquidade,
que todos sementen máis moralidade,
que teña o labrego máis estimación.*

*¿Qué sirve que os probes recramen xusticia?
¿Qué vale que os fillos d'aquí de Galicia
cobicen na terra tranquilos vivir?
Sin fe que os anime, nin sorte que os vexa,
nin lei que os ampare, nin Dios que os protexa,
¡qué han de facer eles? ¿Calar e sufrir? [...]*

Quizais a principal colaboración na segunda e terceira década do século XX é a de *A Nosa Terra*. O primeiro poema sae o 4 de outubro de 1907, que non é máis que “Caíndo... caíndo...” do libro *Folerpas*, pero cando empeza en serio é no ano 1916 ó constituírse en voceiro das Irmandades da Fala. Entre as poesías que dá a coñecer nesta revista está “Ribeirana”, que é un fermosísimo canto ás mulleres do Ribeiro (20 de xuño de 1917), que recollerá nos dous libros seguintes.

En 1922 sae o segundo poemario: *Terra e Raza. Versos*, que vén se-lo número 9 da colección “Céltiga” que dirixía o médico e escritor ferrolán Xaime Quintanilla Martínez. A temática é basicamente a mesma de *Folerpas*, aínda que os separan 28 anos: a rexeneración de Galicia, os mitos, a historia, a natureza, ... e o seu Ribeiro, pois ademais de “Ribeirana” engade tamén o poema “A vendima”, que figura como inédito:

*Arde en bulla o Ribeiro;
ferven os eidos todos a cachón
nun rebumbar trunfante i alguereiro;
bénchese o val enteiro
de alegre animación.*





*É o tempo da colleita
que cobiza o labrego ribeirán.
É a canción da esperanza satisfeita
que vén sempre envolvemente
no novelo do afán. [...]*

O seu terceiro e último libro publícase na Coruña en 1927, e leva por título o mesmo da poesía premiada en Santiago de Compostela en 1924: *Oracións campesiñas*. Nel figuran 81 obras, a maioría xa dadas a coñecer antes en diferentes xornais e revistas, así como tamén no libro anterior, *Raza e Terra*. O poeta fai unha escolma de toda a obra posterior a *Folerpas* (1894), recollendo as galaroadas en 1915 (“Sombras...”), 1916 (“Paisaxes”), 1918 (“Alma da raza” e “¡Malpocado!”), e 1924 (“Oracións campesiñas”).

Non hai dúbida que é o mellor libro, aínda que a temática sexa a de sempre: Galicia, a natureza, o mundo rural, os labores rurais,...: “Misticismo”, “Orballeiras”, “A voz do paisaxe”, “Diante dos nosos paisaxes”, “Oración santa”, “A cántiga da fame”, “A gaita galega”, “Os vellos bardos”,... e así ata 81, entre os que esta vez escollemos “Canción trunfal”, un fermoso e sentido canto dedicado ás duras trasfegas do campo e ós sufridos homes e mulleres que as fan:

*Érguense ô abrente do día.
Toman â presa un bocado.
Van n'un momentinho â corte.
Bótanlle unha ollada ô gando.
Recadan as farramentas.
E tranquilos, resinados,
homildes e pracenteiros,
collen camiño dos agros
pra cumprir, fozando a terra,
a dura lei do traballo.*

*-alá van. Levan ô lombo
fouces, aixadas e sachos.
Vanlle dar â Terra Nai
o seu suor, sin reparos,
pois ela, que é dadiveira,
ben ba de saber pagarllo.
E ô velos ir satisfeitos
por corredoiras e atallos,
asomellan os apóstolos
da relixión do traballo.*



*Diante da terra debrúzanse
reverentes, coma escravos.
Fanlle mimos, fanlle festas,
límpana de restroballos
coa solemnidad d'un rito,
cal si n'algún santuario
milagreiro se atopasen.
E os golpes que dan os sachos
parecen mesmo as pregarías
d'unha oración do traballo.*

*Anímanse os eidos todos;
coa garulada i-os cánticos,
das endeitas i-as esfollas,
i-as sementeiras dos campos.
Oise o balbordo das fouces.
Síntese o himno dos arados.
Nas leiras bai barafuda
de arruídos aldeanos...
E pol-os vales i-os montes
trunfa a canción do traballo.*



O DICCIONARIO ENCICLOPÉDICO GALLEGO-CASTELLANO

Di Ramón Otero Pedrayo no prólogo do *Diccionario* de Eladio Rodríguez ó referirse ó seu labor: *empezou de neno, e rematou co derradeiro alento*. E así foi, porque o poeta, xornalista e lexicógrafo ribeirau, comezou a traballar nesta árida xeira dende moi novo, e abandonouna cando xa a doenza non o deixou seguir. É, polo mesmo, unha tarefa de toda a vida que, como sucede a miúdo, o autor non tivo a ledicia de chegar a ver publicada: *Verdadeira conxunción de saber filolóxico e etnográfico*, tomandoprestada unha definición do noso tempo, dita coa perspectiva que dan os anos⁶.

Xa o tiña moi adiantado en 1927, como consta na última garda de *Oraciós campesiñas*:

Diccionario Gallego Castellano, no que está recollido canto se conoce de costumes, estilos consuetudinarios, supersticións, crencias, folklore, mitoloxía popular e outros aspectos da vida galega. Contén ademáis as frases, modismos e locucións adverbiales que se usan máis a cotío en Galicia; as variantes que moitas palabras teñen nas diferentes comarcas das catro provincias; os milleiros de refrás que na nosa terra son un tesouro de esperencia campesiña, e pequenos exemplos prácticos en cuá-seque tódol-os vocabros pr'o millor e máis adoitado emprego das voces de dubidosa aplicación. Fará de dous a tres tomos.

Pouco despois, o primeiro de novembro de 1928 na sección "Notas Culturaes" de *A Nosa Terra*, dáse a nova de que a editorial "Nós" trataba de publicalo en cadernos, pero o proxecto non chegou a ir arriba. Tampouco foi despois, malia que acordase a súa publicación o concello coruñés. Os anos que seguen non son propicios: a Guerra Civil, a persecución dos máis sobranceiros galeguistas e intelectuais, a posguerra, a pouca saúde do autor e o seu pasamento en 1947,... Haberá que agardar a que naza a editorial Galaxia en 1950 para que sematerialice o seu soño.

Ademais da información que foi acadando ó longo de toda a vida que resumiu en miles de papeletas, nas que xunto coas palabras e o seu equivalente en castelán, achega abondosa información de carácter etnográfico, paremiolóxico, fraseolóxico, etc., o material publicado nos dictionarios que o precederan, formando deste xeito unha voluminosa obra de 45.673 entradas.

Malia ser redactado hai máis de 60 anos, o *Diccionario* de Eladio Rodríguez González aínda é hoxe en día unha obra de obrigada consulta tanto para filólogos como para etnógrafos, mérito que lle recoñecen todos cantos dun xeito ou doutro se dedican ó estudio da nosa lingua, como o testemuñan estas verbas do lexicógrafo Antón Santamarina:

É verdade que no día de hoxe hai moitos dictionarios, feitos se cadra con criterios máis modernos e rigurosos có "Eladio". Pero quétrano ou non, con máis ou menos lusitanismos, a fonte principal de todos eles é o esquecido ribeirao. Sen D. Eladio non había os dictionarios "Xerais", "Galaxia", "Ir Indo", "Sotelo", "Obradoiro",... nin sequera o da Academia.

Este dictionario é un excelente documento para coñece-la vida tradicional de Galicia, e en particular do Ribeiro que era a terra que el mellor coñecía, entre os séculos XIX e XX, que cadra coa época en que se empezan a produci-los cambios sociais e a chega-los primeiros produtos manufacturados industrialmente⁷.

III. A Terra

O "SEU" RIBEIRO

Cando falamos do Ribeiro, é máis no caso de Eladio Rodríguez, cómpre facer unha aclaración verbo da súa extensión territorial, pois para el –sobre todo na primeira época– o verdadeiro Ribeiro é o do río Avia,

6. VILAVEDRA, Dolores (coord.): *Diccionario da literatura galega*, Galaxia, Vigo, 1995, p. 524.

7. Verbo da importancia desta obra para o estudio da cultura popular, pódese ve-lo artigo de Xoán González Millán: "O século XIX no *Diccionario enciclopédico* de Eladio Rodríguez", *Cadernos da Lingua*, 1º semestre, 2000, Real Academia Galega, A Coruña.



sendo polo mesmo a parroquia onde nace, San Clodio, o seu centro xeográfico. Non sabemos cando redactaría a entrada “Ribeiro” do diccionario, pero debeu ser das primeiras, pois logo –como se comprobará– troca de opinión:

*Comarca orensana que forma la cuenca del río Avia, y abarca una extensión difícil de precisar con exactitud, pudiendo calcularse de 15 a 20 kilómetros de largo por 4 a 6 de ancho [...] Los pueblos del Ribeiro conservan hermosos pazos y venerables adegas; y por la limpieza y coquetería de su construcción presentan el aspecto de villas: Beade, Vieite, Lebosende, Leiro, Riobó, Gomariz, San Clodio, Esposende, Camporredondo, Cenlle, Cuñas, Osmo y otros. El Ayuntamiento de Leiro tiene unos 5.500 habitantes, y el de Cenlle unos 4.000. En la parroquia de San Clodio existe el monasterio de su nombre, edificio de fachada severa, con dos grandes balcones y tipo de pazo, con iglesia parroquial de tres bóvedas y ábside románico.*⁸

O mesmo manifesta ó referirse a “ribeirán” -“ribeirau”, afirmando: *Natural o vecino del Ribeiro de Avia.*

A esta época pertence o poema “¡Meu Ribeiro!” –publicado no libro *Oracións campesiñas* en 1927–, no que unicamente figuran as poboacións situadas na conca do Avia (a excepción da de Ventosela que participa das dúas):

[...]

*Arriba, no mesmo cumio
dos outeiros,
están Lebosende e Banga,
Lentille i-o Formigueiro;
abaixo, á beira do río,
Esposende e Pazos Ermos;
máis abaixo, Ventosela,
Regodeigón e Francelos;
máis arriba, Roucos, Cenlle,
San Fiz, Anllo e Figueiredo;
aquí, Gomariz i-a Ponte
e Barzamedelle e Leiro;
alí, Vieite e Beade
i-as Areas i-o Coedo;*

*d'unba banda, Osmo e Quintá,
e d'outra, Verán e Beiro;
á un lado, Cabo, Riobó,
i-a Barouta e Cacabelos;
a outro lado, Vilaverde
i-a Fervenza i-o Ibedo...*

*E no medio d'estes pobos,
que parecen nacementos
postos pol-o val adiante
coma unba groria dos ceos,
a parroquia de San Clodio,
a do patriarcal mosteiro,
a das casas señoriales,
a do antiquísimo templo,
a das alegres solainas
i-a do carís abadengo,
envolve a comarca toda
na meiguice do asosego,
e pòn un porte fidalgo
d'outros tempos
nas virxilianas aldeas
do Ribeiro!... [...]*

En 1931, nun artigo publicado no boletín da Real Academia Galega, agranda máis o territorio, pero sen chegar tampouco a incluír tódalas terras das dúas orelas do Miño, como as do concello de Castrelo, por exemplo:

*El Ribeiro tiene por capital la histórica villa de Ribadavia; llega en su parte baja hasta donde entra el Avia en el Miño; penetra por la parte superior en los límites del partido judicial de Carballino; comprende la extensión total de los Ayuntamientos de Leiro, Beade y Ribadavia, y parte de los de San Amaro, Cenlle, Carballeda de Avia y Melón,...*⁹

O autor neste caso é fiel á opinión maioritaria dos seus contemporáneos ribeiraios, pois –unha comparación– meus avós que naceron, viviron e morreron en Cenlle, defendían que o verdadeiro Ribeiro é o de Avia, aínda que dende antigo se lle dea tamén esta consideración ás terras do Miño, como o amosa o seguinte texto de finais do século XVIII, debido ó propio alcalde de Ribadavia:

8. RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, Eladio: *Diccionario enciclopédico gallego-castellano*, III, Vigo, 1961, pp. 285-286.

9. RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, Eladio: “Comarcas gallegas: El ‘Ribeiro’ de Avia”, *Boletín de la Real Academia Gallega*, XX, A Coruña, 1931, p. 342.



*... el valle [...] conocido con el nombre de Rivero de Avia, no sólo se extiende a una y otra banda del río Avia, desde un poco más arriba de Pazos de Arenteiro, que está a tres leguas de la citada villa, sino que también se llama Rivero el territorio que hay desde Orense hasta un poco más abajo de la misma Villa, a una y a otra parte del río Miño, por el espacio de cuatro leguas y media de largo y media de ancho*¹⁰.

O labor de Eladio Rodríguez González verbo desta terra non se cinguiu a varios poemas e a un artigo publicado no boletín da Real Academia Galega, senón que tamén cómpre ter en conta a extraordinaria recolleita de verbas, ditos, refráns e tradicións que aparecen no *Diccionario*, que coidamos que constitúan unha das máis importantes aportacións. Un repaso abunda para decatarse de que a persoa que o fixo non só dispoñía de información, senón que coñecía a zona persoalmente, como por exemplo na voz *Ribeirana*:

Baile típico y popular; propio de la comarca del Ribeiro de Avia, provincia de Orense. // La Ribeirana es una danza cadenciosa, rítmica, armónica y de natural elegancia, que se baila por parejas sueltas y con los brazos en cruz, ejecutando difíciles trenzados de pies, convirtiendo así la Ribeirana en una muestra de gallardía y destreza física, sobre todo cuando se baila en el turreiro al aire libre.

O vocabulario da obra poética tamén axiña descubre a súa procedencia, sobre todo na primeira época que corresponde ó libro *Folerpas*, publicado en 1894: *aixada, cabaceiros, capós, chau, comareiro, coteñada, decrúa, deloiro, engarrar, ermo, esgazar, falchoca, frouma, grau, noitébrega, resésigo, romedo, toutiñas, vichelocrego, vrau...*

... E SEMPRE NO RIBEIRO

O seu amor pola terra onde naceu foi infindo, acrecentado co paso do tempo ó ter que vivir lonxe dela dende os 24 anos, do que son boa mostra estas verbas do limiar que lle fixo a un libro do poeta riba-



Ó fondo, á dereita, está a casa onde naceu "Don Eladio" (A Ponte, San Clodio).

daviense Mario Canda, *Cantigas y Cantares. Versos Gallegos*, publicado en 1928:

Vive, además, en una comarca donde todo es música, y ritmo, y sonoridad, y vibración, y lirismo, y poesía, y arte; y donde nuestra lengua vernácula, dulce y suave, adquiere modulaciones de melodiosas cadencias, y tiene matices que se destrezan en giros, modismos y frases de una armonía cautivadora y de un insuperable vigor expresivo, que parecen tomar todos los encantos de los pámpanos de la vides, todas las musicalidades de los idílicos sauzales y todos los rumores de las frondosas robledas que festonean de verdores las riberas del Avia, dando a la campiña esplendores inigualados y prestando al paisaje tonalidades de maravilla.

10. LABRADA, J.L.: *Descripción económica del reino de Galicia...* Ferrol, 1804, p. 104.



Un dos claustros do mosteiro de San Clodio.

zado pola necesidade, porque espiritual e afectivamente mantívose sempre vinculado á súa terra natal: á paisaxe, ás xentes, ós labores,... Un amor cada vez máis apaixonado pola ausencia, que devecía volver ó tempo pasado, a cando de neno enredaba e facía muñños nas augas do Avia, brincaba cos veciños na ponte vella ou corría cos compañeiros da escola polos claustros abandonados do mosteiro...

Don Eladio andaré para sempre vagando polo Ribeiro: de lugar en lugar (de San Clodio a Cenlle, a San Lourenzo da Pena, a Beade, a Ribadavia...), choutando de socalco en socalco, subindo e baixando polas fondas congostas e polos empinados carreiros que discurren por entre as cepas,... E ó chegar a primavera deterase a disfrutar do recendo da esfarna no outono, pasará os días sentado en calquera patín, botando en falta o tufo do viño novo que no seu tempo saía a bafaradas de

tódalas adegas...

*Con que Mario Canda logre compenetrarse con la tierra paradisíaca en que creció y vive, y sepa extraerle el vital jugo poético que guarda como ninguna otra comarca gallega, ya tendrá más que suficiente para ser un gran poeta...*¹¹

*Ribeirau nacín;
ribeirau e galego vivín,
porque non hai pra min
maior honor nin máis grande pracer
que ribeirau ser,
e ribeirau e galego morrer*¹².

O seu non foi máis que un afastamento físico for-

11. CANDA, Mario: *Cantigas y cantares. Versos Gallegos*, Ribadavia, Imp. Noticiero del Avia, 1928, pp. 6-7.

12. *El Ribadaviense*, 23 de novembro de 1929: "Despues del homenaje".



ESCOLMA: POEMAS SOBRE O RIBEIRO

RIBEIRANA

*Sabes brincar de turreiro en turreiro,
c'unha alegría que mesmo hai que ver.
Érel-a tona i-a fror do Ribeiro;
érel-o diaño trocado en muller.*

*¡Con qué garboso donaire abaneas
o teu xeitoso corpiño lanzal!
¡Cómo derrámal-a gracia a moreas,
parrafeando cos mozos no adral!*

*Hai no teu meigo falar mimosíño
música branda de brando dozor,
porque o teu meigo falar é aloumiño
i-é coma un canto meloso de amor.*

*Cando te vexo beilal-as muiñeiras,
tece que tece coas maus e cos pès,
¡rapen os deños qué ben te peneiras!
Férveche o sangue no corpo de ves.*

*Eres no baile unha volvoretiña,
reina das festas e filla do ar.
Eres lixeira com'unha anduriña;
mesmo dá xenio de verte beilar.*

*Si a ribeirana punteas no rueiro,
salta que salta cos brazos en crus,
fas cada punto tan repiniqueiro,
que inda non vin coma eles ningún.*

*Todo o teu corpo garrido retorces
en movementos de airoso compás.
¡NÓ!... ¡madia levas!, que sin que te esfuerces
todos che envexan as voltas que dás.*

*Érel-a tona i-a fror do turreiro;
érel-a gala de canto hai que ver;
érel-a musa millor do Ribeiro;
érel-o diaño trocado en muller¹³.*

A VINDIMA

*Arde en bulla o Ribeiro;
ferven os eidos todos á cachón
n'un rebumbiar trunfante i-alguereiro;
énchese o val enteiro
de alegre animación.*

*É o tempo da colleita
que cobiza o labrego ribeirán.
É a canción da esperanza satisfeita
que vèn sempre envolvementa
no novelo do afán.*

*A terra deloirada
arrecende, abafante de lentor,
n'un cheiro de fartura traballada
que estivo xa esperada
n'un ano de labor.*

*Pol-as viñas adiante,
soltos en baralleira libertá,
corren formando xolda baduante
os cantos da troulante
e baril moxedá.*

*Estoupan os viñedos
en risas e aturuxos á montós,
porque os vindimadores andan ledos,
pensando nos enredos
das súas diversións.*

*O color outonizo,
pardacento, ocre e murcho, pòn no val
o engadante poder do seu feitizo.
I-o val sinte o cobizo
do vivir petrucial.*

*Entr'as follas murchadas
parés que as xentes forman xubileus
xunto ás cepas retortas i-esmirradas.
Nas uvas encolgadas
está o sangue de Deus.*

13. Publicouse por primeira vez en A Nosa Terra, o 20 de xuño de 1917; posteriormente foi recolleita nos libros Raza e terra, 1922, e Oracións campesiñas, 1927 (que é a versión que aquí se reproduce).



*Un bulir de trafego
anda por todas partes á brincar,
trunfador, barulleiro e sin sosego,
coma un himno labrego
que a terra está á cantar.*

*Da loura treixadura,
que sabe mesmo á goria que é un primor,
colle o viño tostado a súa dozura
e toda a súa melura,
milagre de El Señor.*

*Cos acios de loureira
méscranse os do dourado tarrantés,
que dan ô viño branco a verdadeira
virtude milagreira
de trocarse en xerés.*

*As mozas alugadas
que cortan o cañño e o brancellau,
trân da montaña copras e tonadas
pr'as cantar ufanadas
no país ribeirau.*

*I-o alaláa d'Amoeiro
xúntase coas cantigas d'Avión,
namentres esmorece, meiguiceiro,
o cantar d'arrieiro
da banda de Dacón.*

*Campean as pulladas
da moxedá en rebuldos toleirós;
i-as augas do río Avia, asosegadas,
desfáanse en arroutas
de líricas canciós.*

*Pol-os longos carreiros
van e veñen os homes sin parar,
carrexando nas costas, pracenteiros,
os cargados culeiros
das uvas pr'o lagar.*

*Nos eidos, ¡qué alegría!
Nas adegas, ¡qué bullas e qué afáns!
Nos lagares, ¡qué louca algarabía!
¡Qué sana toleiría
nas horas dos seráns!*

*De noite, nos rueiros,
todo é cantos e troula e diversión;
sacódense as ferreñas i-os pandeiros,
e trócanse os turreiros
en louca confusión.*

*¡Días os da vendima!
Tempos de recordanza sin igual
que o ribeirau agarda e tanto estima!
¡Cómo ô Ribeiro anima
este labor trunfal!...¹⁴*

¡MEU RIBEIRO!...

*Curruncho do Paraíso,
anaco solto do Ceo,
xardín de veigas froridas
e de recendentes cheiros,
país de ensoño e de goria,
pasma de propios e alleos,
terra de meigas e fadas,
¡meu Ribeiro!...
¡Cómo te levo de cote
metido no máis adentro
do corazón! Teus feitizos,
teñen canto bai de poético
nos campos d'este encantado
chau galego...*

*Por eso os que te conocen
procráman sin arroudos
que n'hai terra com'a terra
do Ribeiro...*

*Corren as augas do Avia
entre chopos e amieiros,
cal si levasen alxóuxares
no seu seo.
Tèn o val a paz solemne
dos calados asosegos,
mentras acouga de noite
cos arrulos do silencio.
Son as veigas máis alegres
que en ningures poidan selo;*

14. Saíu primeiramente en *Raza e terra*, 1922, figurando como inédito, e logo en *Oraciós Campesiñas*, 1927 (reprodúcese esta última edición).



*son os contornos máis doces
e máis meigos.*

*Pol-as ladeiras adiante,
deitados entr'os viñedos,
metidos entr'os parrales,
i-agachados pol-os eidos,
vense os pobos ribeirus,
de conxuntos pintorescos,
cos seus alegres enxidos,
cos seus tristes cimiterios,
cos seus tellados musgosos,
cos seus verdes pomareiros,
cos seus ventanucos negros...
¡Terra baril! ¡Meiga terra!
¡Meu Ribeiro!...*

*A unba banda i-outra banda
salgueirales e alboredos,
onde colgan os seus niños
pardaus e vichelocregos,
onde grelean os xílgaros,
onde asubían os merlos,
onde os rousinoles cantan
os seus nouturnos concertos.
Arriba, no mesmo cumio
dos outeiros,
están Lebosende e Banga,
Lentille i-o Formigueiro;
abaixo, â beira do río,
Esposende e Pazos Ermos;
máis abaixo, Ventosela,
Regodeigón e Francelos;
máis arriba, Roucos, Cenlle,
San Fiz, Anllo e Figueiredo;
aquí, Gomariz i-a Ponte
e Barzamedelle e Leiro;
alí, Vieite e Beade
i-as Areas i-o Coedo;
d'unba banda, Osmo e Quintá,
e d'outra, Verán e Beiro;
á un lado, Cabo, Riobó,
i-a Barouta e Cacabelos;
a outro lado, Vilaverde
i-a Fervenza i-o Ibedo...
E no medio d'estes pobos,
que parecen nacementos
postos pol-o val adiante
coma unba groria dos ceos,
a parroquia de San Clodio,*

*a do patriarcal mosteiro,
a das casas señoriales,
a do antiquísimo tempo,
a das alegres solainas
i-a do carís abadengo,
envolve a comarca toda
na meiguice do asosego,
e pôn un porte fidalgo
d'outros tempos
nas virxilianas aldeas
do Ribeiro!...*



Beade: o calvario que debuxou Castelao.

*Rincunchos enfeitizados,
lugares de encantamento,
que sodes agarimosos
como ningúis poidan selo,
¡quén que vos conoza pode
esquecervos!
Cos vosos brandos recordos
van como doces relembrós
as festas máis rebuldeiras
que se ven no chau galego,
as troulonas ribeiranas
que se bailan nos turreiros,
as copras dos aninovos
que cantan mozos e vellos,
os alaláas das vindimas,
o arrecendo
das petruciales bodegas
cando o viño está en trasego,
o rebumbio dos magostos,
as pullas dos fiadeiros,*



*a animación das desfollas,
os trouleos
dos foliós e das trulladas,
todo ese conxunto meigo
de diversiós campesiñas
e de cotiáns trafegos
que tèn a vida aldeana
no Ribeiro...*

*Posto o val coma un regalo
cuáseque no medio e medio
de dúas vilas ourensanas,
–dous recreos–
arriba está o Carballiño,
un milagre de progreso,
que tèn prèto d'él as ruinas
do esborrallado mosteiro
de Oseira, que inda demostran
que foi o Escorial Galego;
vila que dende Partovia
i-o Torrón baixa correndo
á sozarse nos feitizos
do Ribeiro,
dispois de parar un pouco
no Varón, pra ver á xeito
todo o engado do paisaxe
que é unha ledicia do Ceo...
Abaixo está Ribadavia,
señorío dos Sarmientos,
corte do rei Don García,
tomba de San Pedro Telmo,
vila de estreitas calexas
e currunchos meiguíceiros,
en que se oi a engaiolante
voz dos séculos,
falándonos de fortezas,
de hespitales, de castelos,
de tradicións, de heroísmos
e de incendios...
I-entremedias d'estas vilas
–os novos i-os vellos tempos–
tópase o val arrodeado
pol-os chaos de Amoeiro,
pol-os montes de Avión,
pol-os xigantes penedos
de Corneira e pol-o Coto
de Novelle, que en estreito
abrazo parés que tratan
de amparalo e defendelo...*

*¡E moita terra esta terra
do Ribeiro!...*

*Terra dos fidalgos pazos,
dos líricos arboredos,
do río de augas de vidro
que brilan coma un espello,
das paveas acelmosas
que se desfán entr'os dedos,
dos viños escumexantes
que dan saúde ôs enfermos,
e dan barileza ôs corpos,
e poñen quentor nos peitos...
Terra dos campos mimosos
e algueireiros,
onde os álbores son música
de bicos que ensaia o vento,
i-os cantares son poesía,
i-os arumes son incenso...
Terra dos verdes paisaxes,
dos amañeceres ledos,
das postas do sol envoltas
no misterio,
das noites asosegadas
en que os páledos luceiros
son coma ollos de anxeliños
que contempran dende o ceo
tanto feitizo, apampados
e sospensos...
Terra das mozas garridas
que atesouran sin sabelo
lume de sol nos seus ollos,
zume de mel nos seus beizos,
arrulos nos seus falares
falangueiros...
¡Miña terra queridiña
do Ribeiro!...*

*Tarreos do chau nativo,
meus agarimosos eidos,
miña aldea de San Clodio,
co seu antigo convento
que xa foi escolanía
alá en moi lonxanos tempos,
meu campo de San Antonio,
meu encantíño de Leiro,
meu lugariño da Ponte,
meus rumorosos Loureiros,
carballeiras dos Fondales,*



*piñeirales de Albarellos,
 San Benitiño de Cuñas,
 alturas de San Lourenzo,
 pontiña das Poldras, beiras
 do Arenteiro,
 noitiñas do Salgueiral,
 congostras de Cubilledo,
 muíños da Veiga Vella,
 remanso do Misieiro,
 campo da Esprela onde tanto
 rebuldei cando era neno...
 anque estou lonxe de vós,
 ben vos vexo;
 ben vos vexo á todas horas
 cos ollos do pensamento...
 Téñovos diante da vista,
 gárdovos dentro do peito,
 síntovos preto da i-alma,
 lévovos comigo á reo...
 ¡Meus enmeigadores campos!...
 ¡Meu Ribeiro!...¹⁵*

SAUDADE

*Meiguíño Ribeiro de Avia,
 terra donde me eu criei;
 tanto dentro de min te acurruncha,
 que te non podo esquecer.
 Cando lonxe de ti me recordo
 dos engadamentos teus,
 atafégame a morriña,
 e véxome entanguecer,
 e mórrome de estranías,
 e síntome enchouchado cal ninguén,
 e tanto quero quererte,
 que aínda non sei cómo te hei de querer.*

*Metícheteme na i-alma
 con agarimo tan mol,
 que os teus meigos feitizos me siguen
 á donde queira que vou;
 i-o rescaldo das túas lembranzas
 é pra min coma un balbor*

*de aloumiños gasalleiros
 que me enchen o corazón,
 porque me falan mimosos
 do tempo de rapaz que xa pasou,
 e recórdanme os rebumbios
 i-as algarabías dos vellos foliós.
 Miña terra queridiña,
 vas tan no íntimo de mín,
 que si non te relembro a cotío
 parés que non sei vivir.
 Oio as copras dos reises i-os maíos,
 d'unha enxebreza baril;
 sinto o aninovo que os nenos
 andan cantando, á pedir;
 vexo as fiadas nouturnas
 â lus amortuxada d'un candil,
 e vólome ôs anos mozos,
 porque eles son os que me fan sentir.*

*Terra onde o verde é máis verde,
 onde é máis maino o luar,
 e onde as viñas aganchan ôs cumes
 n'un esforzo de ansiedá...
 Doime tanto non verte didiante
 pra poderte contemprar;
 non asistir âs túas festas,
 nin ouvir teus alaláas,
 nin estar nas túas vindimas,
 que mesmo me agañota un fero mal,
 e penso que algo me falta,
 je coído que a morte me quere levar!¹⁶*

15. Publicouse por primeira vez en *Oraciós campesiñas*, 1927. Hai unha edición recente, no opúsculo repartido en San Clodio o 4 de febreiro do ano 2000, no acto literario-musical que se celebrou tal día en homenaxe do autor.

16. Saíu por primeira vez en *Oraciós campesiñas*, 1927.

**ACOUGO**

*Ceguei â porta, pensando
no tempo dos anos mozos,
com'aquel que na aparencia
quer sentirse máis afouto.*

*Metínme dentro;
pechei os ollos,
pra contempral-o pasado
â morna lus dos recordos,
e non vin máis que soedades
e desconsolos.*

*Didiante de min marchaban,
en fatos longos,
a algueireira procisión das alegrías
i-o pantásteco desfile dos acoros.
¡O pasado i-o presente
cos seus desenganos fondos!*

*¡Qué asosego
n'este homilde currunchiño dos acougos!
Aquí pra sempre
dormen os mortos,
todos us, todos xuntiños,
mescrados todos,
coma irmaus que ben se queren e que nunca
coneceron as xenreiras nin os odios.*

*¡Meu cimiterio querido,
cimiterio de San Clodio,
donde os probes i-os ricos descansan
ouvindo os arrollos
dos veciños piñeirales
que lle rezan e lle cantan ledanías e responsos!...*

*Camposanto caladiño,
tristeiro com'os saloucos,
probiño com'os máis probes...
inda te alcontro
coma cando abí rezaba de neno
pol-as almas dos meus mortos,
por aqueles que debaixo das túas herbas
siguen dormindo o derradeiro sono.
Anque te non vexo hai anos,
¡ben te conozo!
Érel-o mesmo de sempre,
sinxelo, sin requilorios,*

*sin xiquera un alcipreste dos que zoan
cando queren parolar cos ventos tolos,
homilde entr'os máis homildes,
silencioso entr'os máis silenciosos.
¡Coa homildade da modestia
i-o silencio amortuxado dos acougos!*

*Dentro dos teus muros,
enmusgados coas choviscas dos outonos,
acobéxanse agachádal-as lembranzas
e reméxense os recordos.*

*O teu asosego
tèn un non sei qué de afogo
que entollece as almas
i-arrepía os corpos:
tèn o eterno misterio da morte
que levamos sempre encolo,
e que pra onde queira que imos
vai connosco,
como musa que de cote nos recolle
no manto do seu acougo,
pra deixarnos envolveitos
na soedade dos mundanos abandonos¹⁷.*

¡MEUS RIBEIRAUS AMIGOS!...

*¡Meus ribeirus amigos! ¡Meus queridiños!
que me honrades con todol-os aloumiños
dos vosos entusiasmos afervoados,
tal como soilo se honran os consagrados!...*

*Noso Señor vos pague tantas mercedes
como vós n'este día me concededes,
e que eu con alma e vida vos agradezo,
inda que sei de certo que as non merezo.*

*Dios vol-o pague a todos cantos me ouvides,
xa que tan xenerosos honrarme vides
sabendo o meu orixen escuro e pobre,
que entre homildá aldeana vive e se encobre.*

*¡Dios vol-o pague a todos!... ¡Cánto eu daría
por que entre lostregazos de poesía
i-en líricos arrautos de inspiración*

17. Foi publicado por primeira vez en *Oraciós campesiñas*, 1927.



*poidera descubrirvos meu corazón,
que co poder da vosa forte virtú
desfaise en cachoadas de gratitú!...*

*Eu quixera que vísedes cómo o probiño
anda a pulos no peito; feito un toliño,
queimándose no fogo das emocións,
sumíndose en cariño pra todos vós,
e afogándose en bágoas de eternidade
sin esquecer-a sua santa homildade,
e sin saber talmente si ha de brincar
ou si ha de, ó mesmo tempo, rir ou chorar.*

*
* *

*Eu ¡malpocado de min!
non son máis que un namorado
do corruncho enfeitizado
en que por sorte nacín.*

*Non son máis que un ribeirau;
ribeirau de nacemento
que vive co pensamento
posto no nativo chau;*

*ribeirau de corazón
e de alma acesa i-ardente,
na que vai caladamente
o amor ó patrio terrón.*

*Nin outros títulos traio,
nin outros méritos teño;
e por eso hoxe aquí veño
c'un atafegante abraio;*

*co abraio fondo de quen
vén, como foi, de valeiro,
pois si tivo algún loureiro
non lle sirviu pra ninguén.*

*Probre como fun, estou;
e vós, que me conecesdes,
por probe me ennobrecedes
tal como naide soñou.*

*I-esta xenerosidá
de magnánimo acariño
tenme tan aparvadiño,
que me couda a voluntá,*



Santo André de Camporredondo (Ribadavia).

*e prende tanto o meu ser
nas redes do voso amor..
¡que dispois de tanto honor
danlle a un ganas de morrer!*

*¡Miña vila querida de Ribadavia!
¡Capital do Ribeiro!;Reina do Avia!
As páxinas douradas da tua historia
brilan cos esprendores da tua gloria.
Nos recordos luminosos do teu reinado
viven as refulxencias do teu pasado;
pasado heroico e cheo de grandes feitos,
proprios tan solasmentes dos nobres peitos;
pasado de fazañas e de proezas
que relembra as tuas vellas grandezas,
gardadas pol-os sigros con santo celo
entr'as sagras ruínas do teu castelo.
Os teus fidalgos pazos cós seus escudos
son de lonxanos tempos testigos mudos;
i-as heráldicas pezas dos teus brasós
contan de señoríos e tradicións.
E foi tanta i-é tanta a tua nobreza,
que inda tés a bondade i-a xentileza
de armarme cabaleiro do meu Ribeiro,
públicamente, diante do mundo enteiro,
e bastra sabes n'un pulo de abnegación*